



Begoña Caamaño

Begoña Caamaño (Vigo, 1964-Santiago 2014) foi xornalista. Traballou nas seccións de cultura e sociedade dos informativos da Radio Galega, emisora na que exerceu dende 1989. Antes traballou nos servizos informativos de Radio Popular de Vigo e en Radio Noroeste. Foi correspondente en Vigo da Axencia Galega de Noticias e do desaparecido xornal madrileño *El Sol*. Colaborou en *A Nosa Terra*, *Tempos e Novas da Galiza*, e foi autora de reportaxes e artigos nas revistas *Festa da Palabra*, *Silenciada* e *DeLiberadaMente*.

Os amores cómplices e diversos de Begoña Caamaño

por Gema Zunzunegui (Pikara Online Magazine, 2018)

Imaxinas que Penélope e Circe (esposa e amante de Ulises respectivamente) tecesen un amor entre elas baseado na admiración mutua e a sororidade? Pois é a proposta de *Circe ou o pracer do azul*, de Begoña Caamaño.

Hai cinco anos a ONG galega Implicadas no desenvolvemento organizaba un club de lectura sobre Morgana en Esmelle, o segundo libro da xornalista e escritora feminista Begoña Caamaño, quen estaría presente e participaría da actividade con todas nós. Alí descubrín a unha muller cálida, sensible, moi intelixente e coidadosa. Unha meiga de mirada firme, de sorriso cómplice. Non nos coñeciamos, pero ela fixo todo o posible para que a comodidade se instalase entre o grupo. Recoñezo que, naquela altura non lera o libro mais, sentín moita curiosidade por esa muller e polas historias que escribira. Soamente temos dous libros dela, o de *Morgana en Esmelle* (2012), no que ofrece un novo enfoque do mundo artúrico e as Terras de Miranda, e o de *Circe ou o pracer do azul* (2009), no que agasalla unha revisión do mito de Itaca e Ulises. E digo soamente porque son tan

2024-2025

Tertulias literarias

fermosos, tan precisos, que dous non me chegan a nada. Ese día Begoña e, da súa man, Circe, Penélope, Morgana, chegaron a miña vida para quedarse, para mudala, para revolucionala.

Circe ou o pracer do azul é o libro que máis veces regalei e o libro que máis veces lin. De ambas cousas perdín a conta. E cada vez que o leo, algo descubro, algo me sorprende. Volvo ficar atrapada nesa historia que narra o mito mil veces narrado, pero dun xeito máxico e fermoso, tinguido de lilá. Unha relación epistolar entre as illas de Itaca e de Eea, entre as mulleres que as dirixen, Penélope e Circe, que de sempre nos presentaron como personaxes secundarias, case invisibilizadas. Mais aparece Begoña e coa súa mirada feminista, desmontando os parámetros patriarcais, as protagonistas son elas: Circe e Penélope, mais tamén as mulleres que conforman as súas comunidades, as súas redes. Coñecemos desde a súa voz a súa vida, a súa situación, os seus sentimentos, os seus razoamentos. Con palabras bonitas, moi bonitas, mais tamén moi lúcidas, moi claras.



"Circe ofrece a copa a Ulises" (1891)
John William Waterhouse

E aquí está, para min, unha das cousas máis fermosas e máxicas do libro. Elas non son rivais, son irmás, son compañeiras, son cómplices. Ambas as dúas son mulleres intelixentes, loitadoras, coidadoras, coidadas, sabias, independentes, xenerosas.

A liberdade e a confianza son os eixes das súas relacións; entre elas, mais tamén cos homes que as rodean, cos homes cos que se relacionan. Na illa de Eea, as mulleres son as que poñen as regras, as que marcan as pautas de respecto cara elas. Un contexto no que viven en liberdade, sen medos, escoitando o corpo, escoitándose entre elas. Tecendo afectos e vínculos dende o máis absoluto respecto polas súas vidas. Os autocoidados e os coidados sempre están presentes. Preocupadas por facer grupo, por colaborar, por axudarse, sosterse, respaldarse, admirarse...

Non hai nin rastro dese modelo patriarcal de rivalidades, de destrucións, de pelexas, de enfrontamentos. Por un home, por un obxectivo, por un ideal. Neste caso Ulises é meramente o nexo de unión entre dúas poderosas mulleres. Elas van construír (se) conxuntamente a partir de ese vínculo. Mais tamén á marxe del.

O amor está presente en cada páxina. O amor en moitas formas diferentes: como nai, parella, amante, amiga, compañeira, raíña... Son moitas as historias de amor, que nos mostran que as diferencias, as dificultades poden afrontarse dende outro sitio afectivo e enerxético que acabará construíndo algo moito máis potente, que rematará por achegar posturas e facilitar o entendemento. A través da relación que Penélope e Circe tecen, temos o poderoso exemplo de que outro tipo de realidade son posibles. Unha relación na que as mulleres son cómplices e se admiran mutuamente e, a través desas cartas carrexadas por un fermoso paxaro, se reforzan e se expresan sen filtros sobre o que viven e como o viven. Sen etiquetas. Porque as etiquetas quedan curtas.

Tertulias literarias

“É o tempo do feminismo: da xustiza, da igualdade, da liberdade, da dignidade e, por qué non? Da felicidade” é unha frase de Begoña. Eses valores dos que fala, esa felicidade que nunca esquece, nin na súa carta de despedida, están nesas 308 páxinas escritas dende o amor.

Non podo concordar máis en que “a vida é feminista ou non é vida”. E dende esa afirmación súa, celebramos ese feminismo, celebramos esa vida en lilá que puxo a esa mullerona no noso camiño.

E brindamos por ti amada Begoña, claro que brindamos por ti, agora e sempre.

Fonte: [Pikara Magazine](#)

Un clasicazo en el día del nacimiento de su autora: «Circe ou o pracer do azul», de Begoña Caamaño

Por Gabriel Romero (Vigo é, 2018)



Este domingo Begoña Caamaño habría cumplido 54 años. Hoy, coincidiendo con el Día de las Escritoras, hablamos de su primera novela, *Circe ou o pracer do azul*, una apasionante reescritura de los mitos de Circe y Penélope y de la relación que podría haberse formado entre ellas.

Si el término «fraternidad» proviene del vocablo latino «fraternitas» y este de «frater», hermano; «sororidad» proviene de «soror», hermana, y alude por tanto a la relación de solidaridad entre mujeres. Begoña Caamaño fue una valiente reportera y escritora que militó de forma muy activa en la causa del feminismo, y eso se nota en su obra. En *Circe ou o pracer do azul* pretendió reconstruir los mitos clásicos desde la perspectiva de aquellas mujeres que no tenían voz, que eran utilizadas como objeto, como trofeo de guerra, como regalo de bodas pactadas o como medio para obtener premios sustanciosos. Aquellas Penélope, Helena, Medea o Andrómaca que solo aparecen en las narraciones como personajes secundarios, tejiendo velos que intentan prolongar su independencia, decidiendo con sus afectos quién se sienta en un trono o contemplando impasibles la muerte de todos sus seres queridos, cuando no convertidas en botín y motivo de permanente humillación por parte de los vencedores. Pero tampoco las diosas salían muy bien paradas: Circe, Escila o Caribdis se representan como monstruos crueles cuando en realidad no eran más que víctimas de los designios de otros dioses varones, que se divertían jugando con ellas. La cultura clásica, de la que Homero fue gran responsable, estaba hecha por hombres y para hombres, así que hace falta reedificarlo todo, acudir a los orígenes para escribirlos de una manera distinta.

«Se afanaba en deshacer uno de los nudos trenzados en el telar durante la última jornada. Tenía prisa. El malva que teñía el cielo anunciaba el albor y el inicio de un nuevo día de mentiras y de huidas. Absorta en la

Tertulias literarias

labor de destrucción de lo creado, paradójicamente —pensó— en la labor de creación de su libertad, apenas advirtió las voces que llegaban desde la playa y que tenían una intensidad desacostumbrada. Serán los primeros barcos de pescadores que regresan a tierra, dijo para sí, el mar ha debido serles propicio esta madrugada y sus familias los reciben con alegría. El bullicio fue creciendo y acercándose hasta los muros de la casa.

Por muy buena que fuese la pesca, el alboroto era excesivo. Tan excesivo como incomprensible era también esa proximidad a la morada regia. Solo un suceso excepcional podía justificar aquel extraño comportamiento. ¡Ulises! —pensó de repente la reina— y el pensamiento se le aferró al corazón».



El velo de Penélope es el gran símbolo de la sumisión de la mujer al hombre. Mientras Ulises participaba en la guerra de Troya e intentaba regresar a su hogar en la isla de Ítaca, muchos príncipes se habían instalado en su palacio y pretendían su trono. Sola al frente de aquellas tierras, la reina Penélope intentaba manejar la situación, al tiempo que cuidaba de su pequeño hijo Telémaco y de los ancianos padres de Ulises, Laertes y Anticlea. Para aquellos aspirantes a la corona de Ítaca, lo más sencillo era dar por muerto al ausente y casarse con Penélope, sin emplear soldados ni esfuerzos en la conquista. La reina se convertía así en la personificación de la propia isla, sin derecho a albergar sentimientos ni a mostrar su voluntad, y poseerla significaba poseer Ítaca. Consciente de su situación de indefensión, Penélope ideó un truco: elegiría

nuevo marido cuando hubiera concluido la labor de tejer un sudario para el rey Laertes, y solo entonces. Durante el día se afanaba en el telar, para que todos vieran que la obra avanzaba, mientras que por la noche deshacía todo lo tejido.

Penélope es uno de los grandes mitos de la figura femenina clásica, entregada en cuerpo y alma a la espera por su esposo, reducida a trofeo que permite el acceso al trono itacense, y sin más papel que el de guardiana del hogar conyugal hasta que regrese su verdadero dueño. La sociedad griega alababa su imagen de eterna fidelidad y devoción, mientras que Ulises, por aquel entonces, permanecía en los brazos de Circe o de la ninfa Calipso, pues a él no se le exigía lo mismo. De hecho todas las mujeres de la obra se muestran como terribles manipuladoras y seductoras del héroe, que no puede hacer otra cosa que sucumbir a su magia. Él, inocente, defiende siempre la honra del linaje de Laertes, intentando escapar de todas las trampas que le tienden y volver a su patria, aunque dejando algunos hijos por el camino —uno con Circe, con la que estuvo un año, y dos con Calipso, con la que estuvo siete—.

Este es el punto de partida de *Circe ou o pracer do azul*, una novela que pretende contarnos la misma historia pero desde el punto de vista de ellas. Circe y Penélope inician una abundante

Tertulias literarias

correspondencia, primeiro en relación a Ulises —por entón amante de la primera en la isla de Eea—, pero despois en torno a muchísimos máis temas, como el amor femenino, la maternidad, la monarquía o el poder de decisión. Circe, horrorizada por lo que había sucedido con Medea en la Cólquide —durante la narración del viaje de Jasón y los argonautas— había creado en Eea un paraíso para las mujeres, un lugar adorado en el que pudieran ser libres de las decisiones de los hombres. Pero la llegada de Ulises lo cambió todo.

Circe ou o pracer do azul es una novela intensa, hermosa, deliciosa y sobre todo feminista, es la reivindicación de un nuevo modelo de mujer para unos tiempos nuevos, que disponga de unos referentes distintos.

Pero es que además es un libro precioso.

Fonte: [Vigo é](#)

«A Penélope que debuxou Homero, desafortunadamente, segue existindo»

A comunicadora viguesa debuta na literatura con «*Circe ou o pracer do azul*», unha novela que revisa mitos clásicos
(Entrevista de B. R. Sotelino a Begoña Caamaño. La Voz de Galicia, 2010)



A xornalista Begoña Caamaño debuta na literatura con *Circe ou o pracer do azul*, unha novela editada por Galaxia na que se relata o que nunca se contou da historia de Penélope e Circe. A escritora imaxina outras historias non relatadas por Homero e evita seguir a Ulises para converter as mulleres en protagonistas do relato.

Caamaño conta a historia dunha muller que leva once anos agardando polo retorno do seu home. Cando ao seu arredor moitas voces suxiren a probable morte do marido, recibe unha carta dunha estraña: unha muller misteriosa que a informa de que o seu home non só non está morto, senón que vive con ela un romance apaixonado. A partir de aí vaise tecendo unha relación epistolar entre as dúas que transcende mesmo a existencia do home; o esposo dunha e amante doutra pasa a ser só un pretexto para continuar coa correspondencia

¿Como xurdiu este debú?

A idea levaba moito tempo gardada no caixón. Non tivera o atrevimento, nin o tempo, nin atopaba o momento. Cando me decidín, o proceso fíxeno bastante rápido porque foi como un reto persoal. Tiven a sorte de que en Galaxia acollérono ben e con cariño

Este é o seu primeiro libro, pero ¿ten a intención de seguir por ese camiño ou era algo que quería probar e xa está?

2024-2025

Tertulias literarias

Non. A verdade é que quixera seguir. Teño ideas e ganas. Collínlle o vicio a escrita á marxe no xornalismo. Paralelamente xurdíronme outras ideas que non encaixaban nesa historia, pero fun gardándoas. Supoño que é como todo. Ate que te paras non te das conta. Teño ganas de contar outras cousas, pero o que non sei é si serei quen. Seguro que Circe non será o único libro que escriba. O que non sei é si será o único que publique (risas).

¿Escribe ficción dende hai moito?

Non, o certo é que o meu é a relidade por deformación profesional. Quitando as cousas típicas que se escriben na adolescencia (e mellor olvidalas), non me dera antes por aí.



¿Interésalle especialmente a mitoloxía ou víñalle ben para o que quería plantexar no argumento de «Circe ou o pracer do azul»?

Gústame a mitoloxía porque bebemos das súas fontes en canto a construción de modelos e arquetipos, pero a mín o que me apetecía, precisamente, era revisalos e reconstruílos. A Odisea é unha obra que me parece fundamental, pero eu quería coller as personaxes femininas de Homero, darlles a volta e construír outro modelo de muller diferente.

¿É unha Penélope como sería hoxe en día?

A Penélope que debuxou Homero segue existindo no noso tempo, desgraciadamente para as penélopes. Ela é o referente fundamental do imaxinario masculino sobre o que ten que ser unha boa muller. Non é a Penélope descrita por Homero menos contemporánea que a miña.. Non estamos todavía as mulleres nunha sociedade onde esteamos libres de toda presión cultural e do arquetipo que construíron para nós e no que nos educaron. Todas nós somos fillas de Penélope.

Sempre houbo mulleres rebeldes, que nunca aceptaron o seu papel, pero o que si é certo é que tiñan menos posibilidaes para salirse da norma.

¿Identifícase con ela?

Non me identifico, aínda que son herdeira dela. A grande sorte que tiñan é que había un gran silencio ao seu redor. Homero fala das mulleres dende a percepción de Ulises, pero non sabemos nada do que elas pensaban, sentían ou querían. Entón pensei: xa que Homero non falou delas, voulle dar eu as palabras que el non lles deu.

Fonte: [La Voz de Galicia](#)

Obrigada, senhora, por me devolver Ítaca

por Susana Sánchez Aríns (A Seg, 2013)

Marco Denevi, autor argentino, escreveu um micro-relato de título *Tradução feminina de Homero* que nos faz chegar outra maneira de ver a história, o mito. Segundo ele, para Penélope, as aventuras de Ulises não são outra coisa que uma armadilha ao seu privado gozo amoroso.

Temos sorte as leitoras galegas de contar com a escrita de Begoña Caamaño, pois graças a ela podemos publicamente gozar duma grande tradução feminista de Homero. É tópica a expressão italiana *traduttore traditore*, porém, *Circe ou o prazer do azul* faz-nos ver que no caso de muitas personagens femininas a traição estava, provavelmente, na escrita original.



A traição de construir um imaginário cultural e mítico (chegado até os nossos dias) no que a única maneira de trunfar uma mulher é através da renúncia a ser ela, como faz Ateneia. A traição de construir uma história na que o lugar reservado á mulher é a da custódia da honra ou a de ser moeda de câmbio e engano em negócios familiares e políticos.

Begoña Caamaño construe um romance no que dá voz a mulheres acaladas na mitologia: a bruxa e a fiel esposa, dous dos arquétipos fêmeos próprios da tradição literária patriarcal, estabelecem um diálogo no que se conhecem e aprendem uma da outra, uma na outra, as armas que usa o poder hegemónico para mantê-las ocultas e em silêncio. Só desse aprendizado em comum pode nascer, e nasce, a liberdade.

Circe e Penélope, que seguindo o pensamento que ainda hoje rege a sociedade, deveram ser inimigas mortais a competir polo amor do mesmo homem, compartilham as suas cuitas, queixas e protestos e conseguem, uma com a ajuda da outra, dominar a arte de velas e ventos, navegar.

Como n'*A Cidade das Mulheres* de Cristina de Pizán, Circe e Penélope tecem juntas um cobertor que recolhe todo um manado de deusas, ninfas e mulheres às que os seus amos só lhes deixárom o caminho da morte ou a loucura se quisseram libertar-se. E esse cobertor feito a meias será o que dê quentura e força a Penélope para decidir o seu destino.

Muitos são os pormenores que devem ser atendidos no romance de Caamaño, cheio de referências e intertextualidades que fam dele um autêntico manual de sororidade: a alcova de Penélope transformada, por arte de Virginia Woolf, num quarto de seu; Laertes como o louco do faio que não está assim tão maluco; a transformação, a nível textual, dum texto epopeico, canto do herói, num intercâmbio íntimo de correspondência; a ilha de Ea, paraíso adánico para todas as lilithe que no mundo sofrem; a reflexão sobre a educação das crianças, feitas inimigo interior, como cavalo troiano adentro das portas da cidade; o juízo a Ateneia como remedo do juízo de Paris; a conxura

Tertulias literarias

lingüística contra o epíteto épico, substituído por uma cornucópia de adjectivos afectivos, por um léxico trabalhado com inteligência e sensibilidade; e essa Penélope, uma Penélope imensa que o último que deseja, em contra da tra(d)ição imposta, é a volta do amo(r) -porque não há, no mundo em que vive, amo(r) que não tirenize.

Finalmente, esses versos de Xohana Torres, aos que *Circe ou o prazer do azul* é acabada resposta:

*existe a maxia e pode ser de todos.
A que tanto novelo e tanta historia?*

EU TAMÉN NAVEGAR.

Fonte: [A Segra](#)

Circe o el placer del azul (Reseña da versión en castelán) por Ángel Basanta (El Cultural, 2015)


La Editorial Galaxia ha iniciado una loable aventura con la colección “Mar Maior”, en la que se publican obras de autores gallegos que habían tenido su primera edición en castellano. En esto Galicia ha sido muy generosa. Bastará recordar las aportaciones de Pardo Bazán, Valle-Inclán, Cela, Torrente Ballester y Cunqueiro, quien alcanzó la excelencia literaria en las dos lenguas. De Cunqueiro son las cuatro obras que abren la colección, que aparecen acompañadas de otros textos de literatura gallega actual traducidos, entre ellos *Circe o el placer del azul*, primera novela de Begoña Caamaño, que murió a los 50 años, después de recibir el Premio de la Crítica en literatura gallega por su segunda novela, *Morgana en Esmelle*.

Circe o el placer del azul constituye una inteligente recreación del personaje de Ulises desde la visión femenina de dos mujeres, diferentes al principio y gradualmente cercanas en la marcha de la novela. Son Circe y Penélope, la amante hechicera que disfruta del amor del héroe de Troya en su isla tirrena de Eea y la esposa que aguarda el regreso del rey de Ítaca en compañía de un Telémaco arrogante y acosada por los pretendientes que aspiran al reino de esta isla jónica. La novela está contada por un narrador omnisciente que relata las peripecias de Ulises para llegar a salvo a la isla donde reina la maga Circe y lo que allí sucede durante un año de amorosa convivencia con la diosa bruja. Pero la novedad está en las cartas cruzadas entre Circe y Penélope por medio de un milagroso cuervo adiestrado, en las cuales las dos mujeres supuestamente rivales y competidoras por el amor del héroe experimentan un progresivo acercamiento.

En las cartas de ambas descubrimos a una Penélope leal y prudente cuya sabiduría y dignidad como reina regente de Ítaca va dejando paso a la íntima confesión de su distanciamiento y desamor hacia Ulises por haber sido humillada por la ambición de éste, y se avanza en el reconocimiento de Circe como hechicera castigadora de varones, atrayente y contradictoria en su

Tertulias literarias

apasionada entrega amorosa con Ulises. Y de las confidencias compartidas por ambas mujeres resulta un Ulises transformado.



La esperanza queda en el vientre de Circe, pues Telémaco no es más que un aspirante a suceder a su padre en el reinado de Ítaca. De modo que aquel niño concebido en el amor de la diosa y el héroe será educado con otros valores en la isla de Circe. Y con ello la novela, siendo respetuosa con la tradición homérica recrea desde una óptica feminista bien argumentada una parte fundamental del triángulo mítico protagonizado por Circe y Penélope en torno a la figura de Ulises, en un texto sobre el amor, la belleza y la felicidad, con múltiples registros estilísticos, en el que se

aúnan delicadeza y ternura, fantasía y magia, erotismo y sensualidad, aliento épico y lírico, sin descuidar la ironía y el humor.

Fonte: [El Cultural](#)

Para saber máis: [A \(re\)escritura feminista. Notas sobre Begoña Caamaño, por María Xesús Nogueira Pereira \(pdf\)](#)



[Arquivo documentación Tertulias Literarias \(dende 2010\)](#)



Biblioteca Central Rialeda
Avenida Rosalía de Castro 227 A
15172 – Perillo (Oleiros)
Tfno.: 981 639 511
Fax: 981 639 996

Email: biblioteca.rialeda@oleiros.org
Blog: <http://bibliotecasoleiros.blogspot.com/>

2024-2025